



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE  
VENTOSELA  
3 DE FEBREIRO DE 2015

Coa finalidade de celebra-la xuntanza ordinaria do Consello Parroquial de Ventosela convocada para o día de hoxe, tres de febreiro de dous mil quince, no Centro Social da Miñoteira, ás vinte horas e quince minutos, **reúñense**, como membros do Consello parroquial de Ventosela,

- Martín Rodríguez Alves, representante do grupo municipal PS de G - PSOE
- José Manuel Alonso Estévez, representante do grupo municipal PP
- Félix Cal Cortizas, representante da Comunidade de Montes
- M<sup>a</sup> José Casqueiro Amoedo, representante do Sector Ensino
- Domitila Couñago Iglesias, representante da Asociación de veciños de Ventosela
- Bernardo Freire Míguez, representante da Comunidade de Augas

Preside o consello, por delegación do Alcalde, María José Barciela Barros, e exerce de secretaria María Xosé López Regos, axiliar de Administración Xeral do Concello de Redondela.

Os puntos da **orde do día** son:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Dar conta das obras realizadas con cargo ós orzamentos participativos do ano 2014
- 3.- Determina-las actuacións que se van ncluir nos orzamentos participativos do ano 2015
- 4.- Rogos e preguntas.

**Punto 1: aprobación da acta anterior.**

Por unanimidade dos membros presentes apróbase a acta da xuntanza do 8 de xullo de 2014 do Consello Parroquial.

**Punto 2: Dar conta das obras realizadas con cargo ós orzamentos participativos do ano 2014**

A presidenta informa de que se colocaron as dúas marquesiñas unha na estrada Castiñeira, frónte á casa de Nelos, e outra no cruzamento de Fonte Cova.

Dos seis paneis, ó do cruzamento do Rial cambiouse a localización para a estrada da Castiñeira ó lado da marquesiña nova.

O quitamedos está colocado ó igual cós 4 sinais indicadores do Centro Social.



CONCELLO DE REDONDELA

Dos seis espellos só se colocaron tres: o do cruzamento do Rial e o das Patelas substituíronse por cedas ó paso e o do camiño da Pedreira por un stop.

Tamén se colocaron os 5 bancos e o tronco redondo e o xabre para o acceso ó Centro Social.

Arranxáronse as cunetas de Picoutos núm. 7 e no camiño á Igrexa na intersección de abaixo

### **Punto 3: Determina-las actuacións que se van incluír nos orzamentos participativos do ano 2015**

A presidenta comunica que lle pediron que se colocase outra marquesiña cerca da de Santos, no cruzamento da estrada de Vilar do Mato coa subida á Igrexa.

Os presentes ademais comentan a posibilidade de incluír nas actuacións deste ano:

- Medio murete coa recollida de auga na subida á Igrexa
- Varanda no camiño do Lagoeiro
- Facer unha entrada no parque infantil retirando un tramo de sebe porque actualmente só se accede por escaleiras
- Unha cuneta no camiño da Caramboleira
- Asfalto e recollida de augas no camiño do Requeixo e recollida de augas na estrada de Vilar do Mato
- Un banco na marquesiña da Carosa
- No camiño de Vales que vai cara ó Cadaval son necesarios varios sinais de stop e un espello
- Na subida á Caramboleira (onda a de Eladio) é necesario un sinal de stop ou de ceda o paso ou un espello
- Un quitamedos na estrada da Fonte cova xusto por embaixo da Miñoteira
- Un muro na estrada de Vilar do Mato no cruzamento co camiño de FonteCova.

Os presentes establecen que é necesario valorar todas estas propostas de actuacións e deciden fixa-lo seguinte Consello Parroquial para o mércores 18 de febreiro para fixar definitivamente as actuacións a incluír nos participativos do ano 2015.

### **Punto 4: Rogos e preguntas.**

Domitila Couñago, representante da Asociación de veciños de Ventosela, reitera que é necesario un informe técnico sobre o estado do muro no camiño da Patela. A presidenta infórmaa de que esa solicitude hai que facela directamente no Rexistro Xeral do Concello de Redondela.

M<sup>a</sup> José Casqueiro, representante do Sector Ensino, quere transmiti-lo malestar do colexio porque ningunha administración soluciona os seus



CONCELLO DE REDONDELA

problemas: seguen sen proxector, sen brazo, sen ordenador e sen impresora. A presidenta informa de que o Concello só pode realizar arranxos de obra.


A representante do sector ensino insiste na necesidade dunha rampa para facilita-la accesibilidade ó centro, que sería conveniente cerrra-lo patio e que a pintura do portal xa saltou.

Félix Cal transmite dúas mensaxes de Jorge Varela Couñago, representante de AER que non puido asistir ó Consello Parroquial: que o grupo municipal de AER vai pedir cambia-lo regulamento dos consellos parroquiais e que soubo dunha lei autónomica que permite que os veciños poidan asistir sen voz e sen voto ós consello parroquiais e

Coméntase tamén que hai sinais de toponimia que xa están borrados e pídese que se arranxen.

E, non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levantou a sesión ás vinte e dúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o cal se redacta a presente acta, da que, como secretaria do Consello, dou fe.

A presidenta



Mª José Barciela Barros

A secretaria



María Xosé López Regos